

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS DA XUNTA DE GOBERNO 2018-2022

En calidade de colexiadas/os do *Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg)*, elixidas/os Censores das Contas da Xunta de Goberno 2015-2017, en sorteo público celebrado o 30/03/2022, segundo acordo aprobado pola Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 19/02/2022, como “*Método de auditoría de contas da Xunta de Goberno saínte (2018-2022)*”, informamos sobre a revisión realizada á seguinte documentación:

I. IDENTIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN AUDITADA

- a. Estados contables, estatutos sociais, rexistros contables e outras constancias xustificativas que me foron exhibidas por esta Entidade.
- b. Estado de libros de contabilidade.
- c. Facturación, extractos bancarios e demais constancias xustificativas físicas dos ingresos e gastos da entidade.

II. ALCANCE DA AUDITORÍA

A presente auditoría inclúe examinar os elementos de xuízo que respaldan a información exposta nos estados contables. Inclúe, así mesmo, avaliar as normas contables utilizadas e a presentación dos estados contables considerados no seu conxunto. Non inclúe a responsabilidade efectuar un “control de xestión”, o exame non se entende aos criterios e decisións da Xunta de Goberno, cuestións que son de responsabilidade exclusiva da mesma, considerando que o presente exame brinda unha base razoable para fundamentar o informe.

O exame circunscribiuse a constatar a coincidencia dos datos transcritos na documentación mencionada no Apartado I, cos comprobantes de ingresos e gastos e rexistros contables da entidade, a data 5 de maio de 2022. Téndose efectuado a revisión integral da documentación, verificouse que o *Estado de Situación Patrimonial* e os *Estados de Ingresos e Gastos*, o contido da información revisada e os datos numéricos concordan cos rexistros contables da entidade, manifestándose correcto o funcionamento das rutinas de xestión de asentos contables.

III. ACLARACIÓNS PREVIAS

A información contida nos *Estados Contables* xorde dos *Rexistros Contables Informatizados*, efectuados seguindo as normas xerais de Contabilidade, e impresos para facilitar a nosa comprensión dos mesmos. Os recibos, facturas e outras constancias xustificativas, que se corresponden coa realidade contable exposta, facilitáronsenos na súa totalidade para a nosa exhaustiva comprobación.

Como persoas colexiadas deste *Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg)*, e sen ser especialistas nesta materia, facilitáronsenos fehacemente todas as aclaracións e exposicións significativas, solicitadas para a nosa comprensión, por parte da Xunta de Goberno e asesores da entidade presentes na revisión efectuada, permitíndonos a realización de probas aritméticas que considerásemos precisas para determinar a coherencia dos estados contables.

Toda a información citada foi examinada e confrontada coa documentación de apoio e outras evidencias dispoñibles.

IV. DICTAME

Certifico que, segundo xorde da documentación auditada e o alcance desta revisión, tendo en conta as limitacións de tempo e coñecementos nestes temas, concluímos que os gastos e ingresos detallados nos estados contables expostos concordan coa documentación respaldatoria revisada, non téndose observado ningunha anomalía e non tendo máis observacións que realizar.

En Santiago de Compostela, a 5 de maio de 2022.

Asinado
CENSORES/AS DE CONTAS


D^a
Colexiada nº 4937


D^a
Colexiada nº 6125


D^a
Colexiada nº 3362